

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº108/ Ano: 2025 / 2º xornal Mes de xuño/ Estado de

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Bautizo de Owen, na igrexa de Curro en Ons. Páx. 1



Por que cambiar este firme por adoquíns? Que xeito de empregar os cartos!!! Páx. 1


Quín (Serín), con gorra, do grupo Portonovo Canta, explícanos un detalle etnográfico auniense. Páx. 2



Funcionarios de Parques, auxilian a unha ave rapaz ferida a carón do peirao de Ons. Páx. 2



Celebración do San Xoán sen fogueira pero con sardiñas. Páx. 4



A capela de Canexol, necesita un arranxo urgente. Así se atopaba o seu interior a principios dos 80. Páx. 2



Moi interesante ruta Guiada “Os primeiros poboadores” con visita ao Castro. Páx. 3



Zona de descanso, a carón da Praia de Area dos Cans, desprotexida, sen arboredo. Páx. 5



Carpintería de ribeira na Praia das Dornas. Cesáreo reparando o “Titánic” de Milucho. Páx. 5

NOVO BAUTIZO EN ONS



Case polas mesmas datas, no mes de xuño de 2022, bautizábase na Illa de Ons, na igrexa de Curro, **Unai**, fillo de Alex e Carla, neto de Arturo Goberna (cariñosamente “Aloloco”) e bisneto dunha das cantareiras e pandereiteiras que aínda podemos ter a sorte de escoitar “María do Caño”.

Pois nesta ocasión, bautizábase na mesma igrexa e co mesmo párroco, Josecho, o seu irmán, **Owen**. Se con Unai facía eu as veces de fotógrafo oficial, desta vez encargouse Waru Camawei, que estaba na illa o sábado 14 de xuño. A cerimonia foi un calco da anterior, agás que, os padriños eran uns amigos do matrimonio, Yago e Fátima e, ao igual que co seu irmán, foron celebralo ao Restaurante da súa familia “Casa Checho”.

Importante que a veciñanza, que no seu día tivo que emigrar pola falla de servizos na Illa, agora, non só volva a habitar as súas vivendas aunienses, senón que celebren nela todo tipo de cerimonia e festas demostrando con iso que Ons, non é só a terra que os veu nacer e onde levantaron a súa vida, senón que é un verdadeiro **SENTIMENTO**.

COMEZO DAS OBRAS DO

NOVO PAVIMENTO EN CURRO



Perfecto estado do pavimento da rúa principal. Por que cambialo?



Nova pavimentación realizada enriba da anterior con lastras de pedra.



Lastras de pedra de tamaño, case, de dados de parchís.

Xa hai case tres anos que tiñan que comezar as obras do “Proxecto de execución e acondicionamento da Illa de Ons a realizar pola Axencia de Turismo”. O ano pasado e moi de vagar, comezaron co <Acceso de vehículos pesados e espazo de provisións do parque> que remataron nesta primavera, pero dos demais 8 puntos dos que tiña o Proxecto, na de na. Cando o anunciaron, Pineiróns estudiouno e fixo as súas alegacións presentando ideas e suxestións, estando bastante de acordo co proxecto, agás volver a pavimentar o que chamaron <Rúa principal do pobo> que ten unha pavimentación, que no seu día foi criticada e que moito defendeu o Parque e, sen embargo agora, despois de máis de 15 anos e que se atopa en perfecto estado, decidiron gastar unha chea de cartos do presuposto do proxecto e cubrila de pequenos lastros (adoquines). A ninguén lle entra na cabeza e o peor, é que non consultaron cos veciños para escoitar o seu parecer, así funciona esta Xunta de Galicia.

Á vez puntos importantes do proxecto como a <Recuperación dos camiños>, que están nun estado máis que deplorable e xa en plena campaña estival onde, ademais do veciños, van vir miles de visitantes, están intransitables, sendo un dos peores o que vai cara ao Campamento de Xuventude, que acollerá a nenos de curta idade, e que camiñarán por el un mínimo de dúas veces ao día. Vaia xeito de traballar das Consellerías responsables da Xunta.

Trataremos este Proxecto, máis polo miúdo, nos Onstopus de xullo.



ONS ETNOGRÁFICA

Neste pasado mes de xuño, no patio da bodega do restaurante Zulema en Arra (Noalla) puidemos gozar, (como xa fixemos saber no anterior Onstopus) da magnífica actuación do grupo Portonovo Canta, onde un dos seus membros, da familia dos Serín de Portonovo, Sr. Joaquín (Quin) Aguín, coincidindo nun furancho, contoume como, polos anos 50 s. XX, estando de mariñeiro no barco do seu pai o “Maripili”, tiñan que achegarse ao peirao de Ons unha chea de veces para trasladar a terra a algún veciño que estaba enfermo.

En Ons, tanto o seu pai como os mariñeiros que traballaban no barco, eran moi apreciados, entre outras cousas, por ese detalle de traslado de enfermos. Comentaba: *“Iamos moito á illa a pescar, alí había moito peixe e marisco. Ás veces, parabamos no bar de Arturo onde apreciaban moito ao meu pai. Cando algún veciño atopábase mal e eles nas dornas non o podían levar, achegábanse ata o noso barco na dorna dende o muelle, ou dende un lugar alto, movían un pau cun pano branco. Cando o viamos, achegabamos ata o muelle, pois era o sinal de que algo ocorría e levabamos aos enfermos ou accidentados a terra. ...”*

Cando escoitei esta historia de Quin, veume á memoria outra que comentoume o Sr. Lima,

“Un día estabamos faenando no barco do meu pai (O Fe) ao lado da illa, cando achegouse canda nós unha dorna. O mariñeiro suplicábanos se podíamos achegarnos ao muelle e trasladar a terra a unha muller que estaba moi enferma. Nós xa tiñamos o lance feito e aparellos no mar e case seguro iamos a perder o día, pero meu pai non o pensou dúas veces e puxo rumbo ao atracadoiro que facía de muelle. Tiñas que ver aquilo, pola costa do pobo onde estaba a taberna, baixaba un mundo de xente, parecía unha procesión, levaban á muller tapada sobre un somier aos ombreiros e detrás debían vir todos os veciños da illa, a maioría mulleres. Eu non vira cousa igual, colocámola o mellor que puidemos sobre a cuberta do barco e puxemos rumbo a Portonovo. ...”

Interesantes estes dous relatos que demostran a precariedade coa que vivían os aunienses e como se tiñan que buscar a vida para trasladar aos enfermos a terra. Sobre esta temática consultar o artigo de Fernando Trigo en Aunios, que demostra, unha vez máis, a importancia etnográfica desta illa:

http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/17/Aunios_17_09_Sinais.pdf



RECUPERACIÓN DUNHA AVE RAPAZ NAS PROXIMIDADES DO PEIRAO DE ONS

O pasado domingo día 22 de xuño, mesmo cando chegabamos no barco, comprobamos as tarefas de recuperación dunha ave rapaz que se atopaba na auga en grave perigo de perecer afogada se non era recuperada axiña.

Para ese labor estiveron un dos responsables de Parques, unha guía e un rapaz de mantemento, que empregando un ganapán puideron sacala da auga e levala para ser trasladada a un centro de recuperación.



ONS NA MEMORIA Capela de Canexol

Nestes intres a Capela de Canexol esta en serio perigo de derrubamento do tellado e parece ser, que dende a administración, despois da protesta da veciñanza, vaise facer cargo da súa recuperación e arranxo.

Nesta foto vemos a capela no ano 1965, cando Colonización fíxose cargo da xestión da Illa e decidiu cercala cun muro de pedra quedando dentro o pequeno camposanto onde están soterrados os aunienses.

Esperemos que despois do arranxo, se lle busque unha actividade, xa sexa relixiosa ou cultural, para que non volva a deteriorarse, ter en conta que xa foi reparada a mediados dos 90.



Hai xa tempo que acudía por primeira vez a unha ruta guiada á Illa de Sálvora organizada polo Parque. Foi unha experiencia interesante, pois aínda que coñecía bastante da súa historia e estivera nela un par de veces, as explicacións dadas pola guía foron moi relevantes.

Nunca asistira a unha visita guiada en Ons, pero este pasado luns 23 de xuño e debido a que o seu obxectivo era saber sobre os **Primeiros Poboadores de Ons** e contiña unha visita ao **Castro dos Mouros** con explicación dos arqueólogos que están traballando na súa escavación e recuperación, apuntámonos, e teño que recoñecer que foi unha exposición significativa.

Tivemos como Guía oficial a **Bea** e tamén nos acompañou outra guía **Andrea** que, en perfecta colaboración, deron as explicacións adecuadas a propósito da ruta.

A ruta, tivo dúas partes, unha exposta polas Guías sobre o motivo de poboarse Ons ao través dos séculos, e outra levada a cabo polas arqueólogas, no propio Castro, sobre todo o referente ás construcións e utensilios que foron aparecendo nas diferentes escavacións.

A ruta levounos dende o peirao ata o barrio do Caño, como primeira parada, logo á impresionante Enseada de Caniveliñas e, despois de subir o “*Tourmalet*” auniense, entrar ao Castro pola zona oeste. Alí Bea deu unha ilustrativa charla sobre o que despois nos ían a ensinar as arqueólogas. E, coa mesma, outra subida, ata o propio Castro.



No castro esperábanos unha das arqueólogas que nos transportou á época de Idade do Ferro convidándonos a visualizar as súas vivendas circulares, para deseguido penetrar na etapa romana a través das súas construcións cadradas. Un hábitat que na súa totalidade, que saibamos ata agora, xurdiu no século IV a.C e que estivo habitado ata o século V d.C.

Houbo tamén unha completa explicación sobre a temática da salga e as cubas que se atopan nas proximidades da praia de Canexol, e de como se está a vixiar a problemática da súa rápida desaparición por mor dos efectos dos temporais e as mareas.


Houbo unha excelente compenetración, realizando as guías preguntas para que, contestando as arqueólogas, os asistentes tiveramos unha mellor información.

Só queda dicir que foron unhas dúas horas moi ben aproveitadas e que a profesionalidade, tanto das guías como das arqueólogas, quedou máis que demostrada.

SUXESTIÓNS A ESTA RUTA

- Sería necesario que se cambiara o panel do mapa da Illa que está a carón do peirao, supoño que pola acción do sol, está case que invisible.
- O camiño que leva ao Castro dende Caniveliñas, non está sinalizado e necesita unha limpeza de vexetación para o seu tránsito.
- O camiño que dende Canexol leva ao Castro, tamén está sen sinalizar.
- Ao chegar ao pé do Castro, hai unha subida (foto dereita) que a carón da súa pendente e falta de limpeza de vexetación, sería necesario buscar o xeito de confeccionar uns chanzos que facilite a subida e a baixada.
- O castro debería ter un cercado máis consistente para evitar que ninguén pase á zona de vivendas, posuír unha sinalización guía para o seu perímetro e poder rodealo en círculo para visualizalo sen ter que volver polo mesmo sitio. (*Tocarei estas suxestións en próximos Onstopus*).





O QUE LLE FALTABA A CESÁREO

Cesáreo, despois de 70 anos como mariñeiro e patrón, 50 como “periodista” e 30 como “actor” e protagonista de centos de programas de televisión, documentais, vídeos,..., agora a administración, aos seus 83 anos, contratouno como *Inspector de Vixilancia Pesqueira*. Non sei se cobrará tanto como “cobra” na súa función mediática pero, polo menos, xa ten a gorra oficial do seu novo cargo.



HOUBO PEQUENA CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN NA ILLA DE ONS

SARDIÑADA DE SAN XOÁN EN ONS 2025

Era un costume a celebración do San Xoán en Ons por medio dunha pequena fogueira e, se había sorte, a degustación dunhas sardiñas. Cando a Illa pasou a formar parte do Parque Nacional, a cousa complicouse, pero Pineiróns, consciente da responsabilidade que adquiría, solicitou a Parques o poder facer unha pequena cacharela na zona de Curro non maior dun metro, tanto de ancho como de alto. Rematado o lume, encargabámonos da súa recolleita e limpeza. Nunca houbo o máis mínimo problema.



FOGUEIRA DE SAN XOÁN 2007

No ano 2007, solicitamos realizar a fogueira na Praia das Dornas e ampliáala un pouco máis que as de anos anteriores. Deron permiso e colaboraron connosco membros do propio Parque para a súa realización e control.

Foi todo un espectáculo. Non era moi grande pero o suficiente para rememorar aqueles anos nos que os aunienses facían as fogueiras por barrios e competían por ver quen a conseguía máis grande, cousa complicada, xa que a madeira era un artigo de luxo na illa de Ons.

Esta fogueira de 2007 coincidiu coa primeira voda que se realizaba en Ons por persoas non aunienses e solicitáronnos poder participar nela cos seus invitados.

Ao noso favor, puxeron unha pequena mesa con barra libre e nós, xunto cos de Parques, quedamos que o control da fogueira era noso e que ninguén podería saltala ata que houbera só cinzas na area. Cumpríuse perfectamente e non houbo ningún tipo de problemática.

Ao ano seguinte 2008, por diferentes razóns os membros de Pineiróns non puideron estar na Illa o día de San Xoán, o que motivou que non solicitaran permiso para cacharela. Sen embargo, alguén debeu pedilo e, de novo na Praia das Dornas, realizouse unha fogueira. Non sei como transcorreu a noite, o que si, alguén ao intentar saltala tivo a mala sorte de queimarse e houbo que solicitar medios de evacuación. Foi así como, a partires daquela, non volvemos a solicitar permiso de fogueira e esa tradición perdeuse en Ons.



No círculo e cadrado vermello, podemos observar varias árbores, acacias, das consideradas invasoras e que Parques quere erradicar de Ons.

É por iso que levan un tempo cun proceso de secado desas árbores, o malo é que non repoboan e, xustamente os que están na foto, daban unha boa sombra ás mesas que puxeron na baixada, dende o Centro de Visitantes á praia de Area dos Cans, que son utilizadas polos visitantes e rapaces de campamentos que acoden á Illa.

No tempo que levan con ese proceso, xa tiñan repoboada esa zona.



Dous grandes patróns aunienses en plena faena de arranxo do “Titánic” de Milucho. O debate estaba en que si a táboa que ía facer de asento, estaba no lugar idóneo para facilitar a voga.



En varias ocasións tratábamos o tema desta pasarela que dende o peirao vai á praia de Area dos Cans, primeiro porque, coidabamos, que non facía falla, e segundo porque sabíamos que o resultado desas madeiras, como lugar de paseo, estaban a provocar grandes problemas de mantemento noutros lugares. E así foi, case cada ano, Parques ten que gastar uns cartos no seu arranxo. A ver que fan agora que se atopa en moi mal estado!!!



O patio principal do Centro de visitantes que debería servir para a realización de Actividades ao aire libre, cada vez en peor estado. Xa dimos ideas neste minixornal sobre as súas posibilidades para dinamizalo con tarefas didácticas sobre o Parque, pero téñeno moi abandonado. Falla de ideas.



Por mor da falla de Campamento de Voluntarios,

algúns amigos de Ons dedícanse a faenas de limpeza de alóctonas, colaborando con iso ao bo mantemento da Illa, cando os seus responsables (D. X. Patrimonio Natural e Xuventude), non se preocupan.



Faro de Ons.
Emblema cultural.

FARO de ONS

*“A luz da cultura marítima, de Ons
e das illas do Parque Nacional”*



**Seguiremos coa nosa reivindicación para dedícalo
a CENTRO CULTURAL
cando os últimos FAREIROS deixen de habitalo.**